

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5714 *Real decreto 422/2011, do 25 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais.*

A Constitución española de 1978 establece no seu artigo 9.2 que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas. Así mesmo, no seu artigo 49 dispón que os poderes públicos realizarán unha política de integración das persoas con discapacidade para o desfrute dos dereitos que o título I da Constitución española lles outorga a todos os cidadáns. Entre estes dereitos está o recoñecido no artigo 23, que establece que todos os cidadáns teñen o dereito a participar nos asuntos públicos directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

En cumprimento dos mencionados preceptos constitucionais ditouse a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, que recolleu unha serie de medidas tendentes a impulsar o proceso de inclusión das persoas con discapacidade. Posteriormente aprobouse a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIONDAU) que introduciu un novo concepto de accesibilidade universal baseado no deseño para todos e a autonomía persoal. Este concepto vai unido ao modelo de «vida independente» que, como se manifesta na exposición de motivos da lei, «defende unha participación máis activa destas persoas na comunidade sobre unhas bases novas: como cidadáns titulares de dereitos; suxeitos activos que exercen o dereito a tomar decisións sobre a súa propia existencia e non meros pacientes ou beneficiarios de decisións alleas.»

A Lei 51/2003, do 2 de decembro, continúa na súa disposición derradeira quinta un mandato dirixido ao Goberno para o establecemento das condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación que deben reunir os espazos, produtos e servizos necesarios para a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais.

Nesta liña de facer efectiva a accesibilidade, a Lei orgánica 9/2007, do 8 de outubro, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, modificou o punto segundo do artigo 87 da mencionada lei establecendo que «o Goberno, logo de informe da Xunta Electoral Central, regulará sobre un procedemento de votación para as persoas cegas ou con discapacidade visual que lles permita exercer o seu dereito de sufraxio, garantindo o segredo do voto.» O Real decreto 1612/2007, do 7 de decembro, polo que se regula o procedemento de voto accesible que lles facilita ás persoas con discapacidade visual o exercicio do dereito de sufraxio, desenvolveu ese mandato legal, amparándose, pola súa vez, na habilitación prevista na disposición adicional segunda da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Pola súa banda, a Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, fai referencia nos seus artigos 13 e 22 á accesibilidade e á participación política das ditas persoas.

Así mesmo, cabe destacar a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ratificada por España o 23 de novembro de 2007 e en vigor desde o día 3 de maio de 2008, que establece no seu artigo 29 que os Estados partes garantirán ás persoas con discapacidade o exercicio dos dereitos políticos en igualdade de condicións, entre outras formas, mediante a garantía de que os procedementos, instalacións e materiais sexan adecuados, accesibles e fáciles de entender e utilizar.

En cumprimento do mandato contido na Lei 51/2003, do 2 de decembro, e sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas, ás entidades locais e á Administración electoral, este real decreto aproba o Regulamento polo que se regulan as condicións básicas para a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais.

O Regulamento aprobado por este real decreto estrutúrase en tres capítulos. No capítulo I contéñense as disposicións xerais; o capítulo II establece, por unha banda, unha serie de previsións e medidas para lograr a accesibilidade das persoas con discapacidade nos procesos electorais, sen prexuízo da realización dos axustes razoables que procedan e, doutra banda, medidas de acción positiva. Así mesmo, o capítulo II divídese en dúas seccións: a primeira refírese ás condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación exigibles en todos os procesos electorais e a segunda sección ocúpase das condicións específicas dos procesos electorais cuxa xestión compete á Administración xeral do Estado. O capítulo III dispón as medidas que poden ser tidas en conta polas organizacións políticas co fin de promover a accesibilidade e a non-discriminación para a participación das persoas con discapacidade na vida política.

Este real decreto foi elevado para informe ao Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, ao Consello Nacional de Discapacidade e á Xunta Electoral Central. Na súa elaboración participaron mediante consultas as organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, así como as comunidades autónomas e as organizacións máis representativas de entidades locais a escala nacional.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro do Interior e da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento.*

Apróbase o Regulamento sobre as condicións básicas para a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición adicional primeira. *Concorrenza de procesos electorais e consultas populares.*

No caso de teren lugar de maneira concorrente procesos electorais ou consultas populares cuxa xestión compete á Administración xeral do Estado e un ou varios procesos electorais ou consultas populares cuxa xestión corresponda ás administracións autonómicas, ambas as administracións públicas colaborarán para garantir que as condicións básicas para a participación das persoas con discapacidade nos procesos electorais e consultas populares se cumpran de maneira homoxénea, eficaz e eficiente.

Disposición adicional segunda. *Informes, estudos e guías de boas prácticas.*

No ano posterior á realización de cada proceso electoral ou consulta popular cuxa xestión compete á Administración xeral do Estado elaborárase un informe de avaliación sobre a aplicación deste real decreto. O mencionado informe elevarase ao Pleno do Consello Nacional da Discapacidade e á Xunta Electoral Central.

Tras cada celebración das eleccións ao Parlamento Europeo realizarase un estudo integral sobre accesibilidade nos procesos electorais e consultas populares que tivesen lugar durante o período de tempo transcorrido.

Tanto o informe de avaliación coma o estudo integral conterán referencias a indicadores cuantitativos e cualitativos.

Á luz das conclusións alcanzadas nos informes e estudos realizados elaboráranse guías de boas prácticas en materia de accesibilidade e non-discriminación das persoas

con discapacidade co fin de conseguir a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais.

Disposición adicional terceira. *Divulgación.*

O Ministerio do Interior elaborará materiais divulgativos en formato accesible para informar, tanto os xestores electorais como os electores con discapacidade, sobre as condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación contidas neste regulamento.

Disposición transitoria única. *Prazos.*

1. Os espazos, produtos e servizos novos, relacionados coa participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais, deberán cumprir as condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación contidas no Regulamento aprobado por este real decreto a partir da súa entrada en vigor.

2. Os espazos, produtos e servizos existentes no momento de entrada en vigor deste real decreto e toda disposición, criterio ou práctica relacionada coa participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais deberán cumprir as condicións básicas previstas nel para as persoas con discapacidade na celebración das próximas eleccións de deputados e senadores a Cortes Xerais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

2. As administracións autonómicas e a Administración local, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer cantas condicións de accesibilidade e medidas específicas adicionais xulguen pertinentes para favorecer a accesibilidade e non-discriminación das persoas con discapacidade nos procesos electorais e as consultas populares.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Habíltanse os ministros do Interior e de Sanidade, Política Social e Igualdade para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

REGULAMENTO SOBRE AS CONDICIÓNAS BÁSICAS PARA A PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA VIDA POLÍTICA E NOS PROCESOS ELECTORAIS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste regulamento é regular as condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación que deben reunir os espazos, produtos e servizos necesarios para a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais.

Artigo 2. *Igualdade de oportunidades e non-discriminación.*

A Administración velará polo respecto ao dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade no acceso aos locais e ás mesas electorais, e pola súa non-discriminación.

CAPÍTULO II

Condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación para a participación das persoas con discapacidade nos procesos electorais

Sección 1.^a Condicións básicas exixibles en todos os procesos electorais

Artigo 3. *Accesibilidade dos locais electorais.*

1. Garántese ás persoas con discapacidade o acceso aos locais e ás mesas electorais.

2. En todo proceso electoral os concellos proporán ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral locais accesibles para situaren neles as seccións e as mesas electorais. No caso de que non exista ningún local accesible e tal extremo sexa xustificado pola delegación provincial da Oficina do Censo Electoral correspondente ante a xunta electoral competente, esta adoptará as medidas necesarias para que os locais dispoñibles sexan accesibles durante a xornada electoral.

3. Os electores poderán presentar reclamacións respecto de locais electorais que incumpran os requisitos legais de accesibilidade dentro dos prazos e segundo o procedemento previsto no artigo 24.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Artigo 4. *Mesas electorais, apoios complementarios e intérpretes das linguas de signos.*

1. As administracións públicas proporcionaranlles ás persoas xordas ou con discapacidade auditiva, usuarias da lingua de signos española ou, de ser o caso, das linguas de signos propias das comunidades autónomas, que fosen designadas membros de mesa electoral, un servizo gratuito de interpretación de lingua de signos a través do correspondente intérprete, como apoio complementario durante a xornada electoral, sen prexuízo do dereito das ditas persoas a escusar a aceptación do cargo de membro dunha mesa electoral nos termos establecidos no artigo 27.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

2. As ditas persoas poderán solicitar á Xunta Electoral de Zona o dito servizo gratuito de interpretación de lingua de signos, por escrito e no prazo de sete días fixado polo artigo 27.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

3. Os membros das mesas electorais velarán por que os electores con discapacidade poidan exercer o seu dereito de voto coa maior autonomía posible adoptando para iso os axustes razoables que resulten necesarios.

Artigo 5. Accesibilidade á información electoral de carácter institucional.

1. As páxinas da internet das administracións públicas con información sobre procesos electorais deberán cumprir os criterios xerais de accesibilidade ao contido recollidos no artigo 5 do Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.

2. Toda a información institucional e os procedementos cuxa xestión compete á Oficina do Censo Electoral deberán ser accesibles.

Artigo 6. Actos públicos de campaña electoral.

1. Os locais oficiais e lugares públicos, ou calquera outro espazo ou recinto autorizado que os concellos reserven para a realización gratuita de actos de campaña electoral nos procesos electorais cuxa xestión compete á Administración xeral do Estado deberán ser accesibles.

2. Os candidatos, partidos políticos, federacións, coalicións e as agrupacións de electores que concorran a un proceso electoral procurarán que os actos de campaña electoral sexan accesibles.

Artigo 7. Propaganda electoral.

1. Os candidatos, partidos políticos, federacións, coalicións e as agrupacións de electores procurarán que a propaganda electoral sexa accesible.

2. Nos soportes de espazos gratuítos de propaganda electoral elaborados polos candidatos, partidos políticos, federacións, coalicións e agrupacións de electores procurarase atender as necesidades específicas de accesibilidade das persoas con discapacidade. As emisoras de televisión e de radio de titularidade pública e de ámbito nacional cederán os ditos espazos de acordo coa lexislación vixente.

Sección 2.^a Condicións de accesibilidade específicas dos procesos electorais cuxa xestión compete á Administración xeral do Estado

Artigo 8. Accesibilidade dos locais electorais.

1. En todo proceso electoral cuxa xestión compete á Administración xeral do Estado os locais electorais onde se desenvolva a votación deberán reunir as seguintes condicións:

- a) Ser preferentemente locais de titularidade pública e, de entre estes, terán prioridade os centros docentes, culturais, deportivos e recreativos;
- b) Ser accesibles segundo o disposto neste regulamento;
- c) Dispor dunha adecuada sinalización das seccións e mesas electorais, atendendo ás condicións técnicas fixadas na norma UNE 170002 «Requisitos de accesibilidade para a rotulación», ou norma que a substitúa.

2. Os locais electorais deberán dispor dun espazo concreto, accesible e adecuado, que garanta a privacidade do elector e que se atope o máis preto posible da mesa en que lle corresponda exercer o seu dereito de sufraxio.

3. A Administración xeral do Estado deseñará e proverá sistemas de sinalización accesible para os locais electorais correspondentes a cada sección e mesa electoral.

Artigo 9. Membros de mesas electorais e intérpretes da lingua de signos.

Nos procesos electorais e consultas populares cuxa xestión compete á Administración xeral do Estado, o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade proporcionará os intérpretes de lingua de signos a que se refire o artigo 4 deste regulamento e establecerá

o sistema de financiamento dos servizos prestados por estes aos correspondentes membros de mesa electoral.

Artigo 10. *Accesibilidade á información electoral de carácter institucional.*

1. As campañas de carácter institucional a que se refire o artigo 50.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, e que a Administración xeral do Estado difunda en soporte audiovisual utilizarán os servizos de subtitulación, de audio-descrición, así como de emisión ou interpretación na lingua de signos española ou, de ser o caso, nas linguas de signos propias das comunidades autónomas.

2. Os servizos de atención telefónica que, de ser o caso, a Administración xeral do Estado poña en marcha serán accesibles para todas as persoas con discapacidade; en especial, atenderanse as necesidades das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Artigo 11. *Transporte de electores.*

Nos procesos electorais cuxa xestión sexa competencia da Administración xeral do Estado e se constate a ausencia de transporte público accesible ao local electoral, a Administración xeral do Estado proporcionará medios de transporte gratuítos adecuados para as persoas con discapacidade motriz que o soliciten, coa condición de que existan dispoñibilidades orzamentarias.

CAPÍTULO III

Condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación para a participación das persoas con discapacidade na vida política

Artigo 12. *Participación política.*

Para os efectos deste regulamento consideraranse organizacións políticas as citadas no artigo 44 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Artigo 13. *Actos públicos e información proporcionada polas organizacións políticas.*

1. As organizacións políticas velarán por que as súas actividades públicas sexan accesibles para as persoas con discapacidade.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, as organizacións políticas procurarán facilitar información accesible, sempre que lles sexa posible, entre outros, polos seguintes medios:

- a) Páxinas da internet.
- b) Documentación impresa que conteña os seus programas electorais ou propostas políticas en formatos accesibles para as persoas con discapacidade.
- c) Servizos de atención telefónica.
- d) Soportes audiovisuais.

Artigo 14. *Comunicación sobre boas prácticas.*

As organizacións políticas poderán pór en coñecemento do Consello Nacional da Discapacidade as boas prácticas que en materia de accesibilidade e non-discriminación das persoas con discapacidade fixesen efectivas.